



A homilía, tan lonxe e tan preto

Luís Rodríguez Álvarez¹

Hai anos, unha coñecida multinacional americana lanzou unha campaña baseada neste anuncio: «En menos de cinco minutos, en calquera parte, ti pódeme atopar». E é certo. Lugares recónditos do planeta terra tamén «gozan da súa presenza». Se o pensamos ben, ten razón: está presente en todos os recunchos do mundo (basta pensar na conquista de China nos anos 80) «como faísca da vida».

Da Igrexa e da súa misión podemos dicir algo que se lle achega. A forza da súa presenza en cidades e pobos é grande. Se nos colocamos en calquera recuncho da nosa terra podemos recoñecer preto algunha presenza de Igrexa, sexa colexio, parroquia, capela, santuario ou comunidade de calquera tipo.... Presente a Igrexa como a famosa bebida. O que si poderíamos dicir é que moitas veces non está de todo como «faísca da vida». E iso que ten a fórmula para selo e para testemuñalo: o Evanxeo de Xesús Cristo.

Esa forza chispeante escasea tamén en moitas das homilías que se escoitan e se comparten nas múltiples celebracións que ao longo do ano se realizan na Igrexa. O Papa Francisco así o constata: «Os fieis, como os mesmos ministros ordenados, moitas veces sofren, uns ao escoitar e outros ao predicar. É triste que así sexa...»².

Non se trata de algo anecdótico. As homilías aburridas e con falta de garra e entusiasmo evanxélico son unha das razóns polas que

1 Luís Rodríguez Álvarez é crego diocesano, profesor de Teoloxía Práctica e de Homilética no Instituto Teolóxico Divino Mestre de Ourense; párroco de San Pío X, na cidade de Ourense. Tamén é membro do Consello de Redacción da Revista Encrucillada.

2 PAPA FRANCISCO, *Exhortación Apostólica Evangelii Gaudium*, 135.

moitas persoas deixan de participar na misa dominical ou noutras celebracións eclesiais. O mesmo cardeal Joseph Ratzinger así o poñía de relevo: «É un auténtico milagre que a Igrexa sobreviva aos millóns de pésimas homilías de cada domingo». Non faltan citas neste sentido: «Aínda é posible atopar fe en Francia, a pesar das trinta mil predicacións de cada domingo» (Yves Congar), «A Igrexa colocou o Credo despois da homilía para convidarnos a crer a pesar do que oímos» (Thomas Spidlik), «En ningún lugar vin rostros tan inexpresivos como na igrexa durante a predicación» (François Mauriac)³. E canto ruído fixeron aquelas palabras do bispo Mariano Crociata sendo secretario xeral da conferencia episcopal italiana, cando nun congreso sobre liturxia a finais do ano 2010 se referiu á calidade decadente de moitas homilías dominicais, ás que definiu como un «puré insulso», case un «prato incomedible» e ademais «ben pouco nutritivo».

Todo iso pon de relevo que aínda parece non superarse a crise da comunicación na Igrexa, unha crise que vén de lonxe e atinxe toda a predicación. O mesmo documento de Aparecida do Episcopado Latinoamericano pon de manifesto: «Son moitos os que se din desconformes non tanto co contido da doutrina senón pola forma coa que esta é presentada» (n. 497). O servizo da predicación esixe esforzos, estudo, reflexión, oración e moita creatividade pastoral. Moitas persoas saen da misa desgustados pola homilía, empobrecidos en lugar de enriquecidos. A xente busca pan e a miúdo dáselle un alacrán, palabras improvisadas e triviais ou inclusive non se lle dá nada. Lamentablemente a homilía en moitas ocasións resulta pouco eficaz e significativa, cando non aburrida e inaturable.

Para dar esa faísca de audacia e creatividade, de paixón evangelizadora e de servizo á comunidade cristiá, a homilía precisa urxentemente o acabado «dunha linguaxe comunicativa» ao alcance da comprensión vital das persoas de maneira que toque e enriqueza a súa experiencia de fe e de vida e faga que a Palabra escoitada sexa

3 V. PERI, *La homilía*, Edicións Sígueme, Salamanca, 2013.

para elas «boa noticia» do Deus de Xesús. Boa noticia con potencial para mellorar as súas vidas, as súas relacións, a sociedade, a Igrexa, a historia.

1.- Sen conservantes nin colorantes

As marcas de moitos produtos do mercado que antes esgrimían a incorporación de vitaminas e minerais propagan agora os beneficios inefables de todo o SEN: sen glute, sen alcol, sen lactosa, sen colorantes, sen conservantes, sen graxa, sen azucres engadidos.... Posiblemente non o pretendan, pero están en sorprendente coincidencia cos «sen» das recomendacións que facía Xesús aos seus á hora de envialos en misión: tiñan que ir sen alforxa, sen bastón, sen túnica de repostro, sen diñeiro, sen outro par de sandalias.

«Só hai unha cousa necesaria», dicía el, e por iso camiñou entre nós sen un domicilio fixo onde recostar a cabeza, sen barca nin cabalgadura propias para desprazarse; sen unha parcela da súa propiedade onde retirarse a rezar; sen un local particular para xuntarse a cear cos seus amigos; sen a seguridade dunha póliza de enterramento por se lle sorprendía a morte.

O único necesario levábao dentro, e algo parecido, en talla *minor*, debía pasarlle a Francisco de Asís: ningún dos dous precisaba de engadidos.

Poida que a misión das comunidades cristiás, aquí e agora, teña que desposuírse de moitos «sen», de moitos engadidos, inercias e rutinas que apagan a «faísca do Evanxeo». Menos engadidos e máis Evanxeo e Espírito do Señor Xesús. E unha dimensión importante nesa misión evangelizadora é a que se refire á homilía. Tamén nela será necesario e urxente desposuírse de tantas adherencias, «colorantes e conservantes» que lle fan perder a súa auténtica identidade e finalidade.

Moitas homilías asócianse a algo repetitivo, monótono, que xa se escoitou moitas veces, a recomendacións e consellos de tipo moralista; homilías que se transforman nunha clase maxisterial coma

se os oíntes fosen alumnos. Non se ten en conta á comunidade reunida, son máis importantes as argumentacións que as persoas. Homilías abstractas, de tipo doutrinal, afastadas da realidade e da vida, difíciles de assimilar e comprender. Homilías cheas de frases feitas, lugares comúns, consideracións xenéricas; homilías cheas de palabras e que non din nada. E que dicir do presbítero que converte a homilía no centro da celebración. A homilía non é unha exhortación espiritualista ou moralizante infestada dos habituais lugares comúns do conselleiro moral (obrigas, prohibicións e receitas xenéricas). Non é unha arenga contra os ausentes ou contra os males do momento, que amola aos presentes e non afecta en absoluto aos ausentes. Tampouco, unha ocasión para as divagacións xenéricas que, como valen para todo, ao final non serven para nada. A homilía debe evitar as xeneralidades que ocultan a sinxeleza da Palabra de Deus⁴. E non se pode converter nunha lección de esexese nin nunha recensión ou síntese de cada unha das lecturas bíblicas.

Un «sen» dos que debería desprenderse a homilía é o da «afonía comunicativa». Esa afonía producida polo como comunicamos. Porque ao principio era a Palabra, e a Palabra fíxose carne (Xn 1, 1-14). Pero cando a carne ten que facerse outra vez palabra, metémonos nunha lea inmensa! É o eterno dilema da eficacia comunicativa⁵. Se o predicador está tan afeito a predicar, o ensinante para ensinar, o escritor para escribir, por que non deixar espazos para que lles prediquen, ensinen, escriban a eles os predicados, ensinados, escritos? A falta de escoita, a linguaxe pouco distendida, amigable ou comunicativa; esa linguaxe que ergue muros comunicativos (nunha banda, a linguaxe civil, leiga, mundana e na outra como unha especie de couro aparte, a linguaxe relixiosa). Canto medo de que as palabras se fagan carne!

Por iso é polo que é urxente dicir as cousas doutra maneira, fuxindo dos tópicos, podar linguaxes, montaxes, falares, homilías;

4 BIEITO XVI, Exhortación Apostólica *Verbum Domini*, 59.

5 T. CABESTRERO, *¿Se entienden nuestras homilías? Necesidad de un lenguaje más comunicativo*, Dossier CPL, n.º 97, Barcelona 2003, pp. 57 e 59.

saber aterrar, analizar, que a palabra entre polos ollos e chegue ao corazón; expresarse sen coraza co que somos, o que cremos e co que dubidamos, con esa fe espida tan chea de vida e de evanxeo.

A homilía como servizo á comunidade ten a urxencia e o desafío de desposuírse de moitos «colorantes e conservantes» que a desvirtúan e deforman. Son imprescindibles a creatividade e a audacia para que «poida ser realmente unha intensa e feliz experiencia do Espírito, un reconfortante encontro coa Palabra, unha fonte constante de renovación e de crecemento» (EG 135).

Este desafío ten unhas esixencias ineludibles.

- Non se pode predicar de memoria. A predicación da Palabra de Deus é moito máis que dar unha información, propoñer uns enunciados ou comunicar unhas ideas. Predicar é unha actividade vital, unitaria e global pola cal se comunica unha experiencia, a experiencia do evanxeo e isto terá como consecuencia non falar de oídas, nin ser papagaios repetidores, senón dar testemuño «do que existía desde o principio, o que oímos, o que viron os nosos ollos, o que contemplaron e palparon as nosas mans, iso que vimos e oímos anunciámosvolvo agora para que sexades solidarios connosco» (1Xn 1, 1-3).
- Ser discípulo do Resucitado e, por tanto, vivir o que se predica sendo un cristián que ten as calidades propias deste ministerio e ponas ao servizo da comunidade á que serve e acompaña e é acompañado⁶.
- Ter experiencia de Deus comunicado como Palabra cando esta realidade se perde de vista, a predicación perde profundidade: pode falar sobre Deus, pero non comunica a Deus; informa sobre Deus, pero non axuda a que Deus informe e abrace a todo o ser; proporciona ideas de Deus, pero sen que se chegue a ter nin a máis remota idea de que sexa Deus «entregándose». A homilía debe perseguir que a persoa asuma a «Deus doándose como a vida da vida da miña vida».

6 Cfr. Constitución Dei Verbum (25).

- Coñecer a mensaxe da Palabra de Deus «escrita» e para iso o ministerio da homilía require un coñecemento global da Sacra Escritura como do texto proclamado que se adquire cun estudo continuado non só a nivel técnico, senón tamén a nivel profundo (descubrir a Palabra como encontro, sabedoría, luz, camiño).
- Coñecer a realidade vital da comunidade á que se predica. O ministro ten que coñecer a situación da comunidade (aspiracións, expectativas, angustias, desencontros, frustracións, valores, problemáticas, realidade cultural, social, económica, política...). Pero hai un coñecemento que vai máis aló das análises ou estudos que se poden facer; está o coñecemento directo que se adquire sendo membro da comunidade, un cidadán máis entre os demais cidadáns. Ministro da Palabra, Palabra encarnada que é o contrario a separado, apartado, desencarnado, diferente, tirado para fóra. Un irmán entre os irmáns e irmás.
- Predicando a Palabra-de-Deus-encarnada, unindo mensaxe e situación, a Palabra faise acontecemento e queda liberada da redución a doutrina, moral, biblicismo, psicoloxismo ou socioloxismo.
- Elixir a canle ou rego axeitado para comunicar. Non todas as homilías teñen por que ser iguais no seu desenvolvemento, estrutura, linguaxe, alento. Moitos predicadores seguen un esquema repetindo o mesmo retroso: «As lecturas de hoxe ensinannos», «nesta festa de», «a Igrexa proponnos, nós temos que». Un esquema faciliño que se repite unha e outra vez. É imprescindible o esforzo de descubrir e assimilar os diferentes xéneros literarios da predicación. Non é igual o estilo dunha proclamación que o dun ensino, nin unha exhortación o mesmo que un anuncio; unha narración non é igual que unha parábola. En todas as linguas hai diversos xéneros literarios para expresar os sentimentos e situacións das comunidades. Non é suficiente saber «que» dicir; é moi importante tamén saber «como» dicilo.

2.- Ao modo de...

2.1. Ao modo de Belén

A misión nas nosas parroquias e comunidades debe facerse ao modo de Belén. Belén significa «casa do pan». A comunidade cristiá está chamada a ser un fogar, o lugar onde como familia comparte a vida; o lugar do encontro e do re-encontro; o lugar do perdón e da paz, da común-unión; o lugar da familia de Deus. As parroquias non están propiamente chamadas a saír ás periferias, senón a tomar conciencia de que están situadas nese espazo xeográfico que é a aldea, a cidade ou a vila no que existen multitude de situacións humanas, de periferias existenciais. É o lugar da presenza de Deus no pobo. O feito é que se algo debe facer a parroquia como casa da comunidade é parecerse máis a un cortello que a un mesón. Porque o mesón é un lugar no que todos van de paso e ninguén permanece. Nel as atencións recibidas páganse dunha ou doutra forma. A parroquia debería estar máis preto do cortello, ese lugar onde, nas noites de frío, os peregrinos da vida atopan a calor e a acollida que non atoparon noutras partes. Onde non hai calor sofisticada nin artificial, senón calor humana que é a calor de Deus sempre. O sitio da acollida sen condicións, dos sinxelos. «Vaiamos a Belén!» (Lc 2, 15). Condición indispensable para ser fermento e sal, testemuñas da misión.

A homilía ten que ser expresión desta dimensión comunitaria, familiar. Debe transmitir acollida, agarimo, proximidade e compaixón, desde esa mirada de Deus «que se comprace en dialogar co seu pobo; e ao predicador tócalle facer sentir este gusto do Señor á súa xente» (EG 141). Facer boas prédicas non é suficiente se non se transmite esperanza, paz e alegría ás persoas, cunha proximidade cordial. Como ben di o Papa Francisco, trátase dunha actitude que debe cultivarse «mediante a calidez e o ton de voz, a mansedume no trato e o estilo das frases, a alegría dos xestos» (EG 140). Todo ten importancia: a expresión do rostro, os xestos, a postura, a mirada que crea lazos con quen se fala. O Evanxeo debe ser anunciado con dozura; debe ser boa noticia e nova para que todos se sintan acollidos con cordialidade na Igrexa. O que

predica debe reflectir o rostro do bo pastor e non o rexeitamento, a frialdade ou a indiferenza do funcionario. Os xestos evanxelizan: o saúdo cariñoso, chamar ás persoas polo seu nome, sorrir, abrazar, bicar, desculparse, recoñecer erros, pedir consello... Cristo evanxelizaba tamén cando tocaba aos leprosos, abrazaba aos nenos, se compadecía dos enfermos, choraba coa morte do amigo Lázaro. É apostar pola pastoral da acollida que debe reflectirse e percibirse na homilía. Canta xente garda un grato recordo da acollida que tiveron nalgún momento ou nalgunha celebración puntual! O Papa na Exhortación «*Amoris Laetitia*» dedica dous números á amabilidade (99 e 100), unha virtude que nos capacita para «dicir palabras de alento, que reconfortan, fortalecen, consolan e estimulan». Que necesarias son!

2.2. *Ao modo de Nazaret*

A misión nas nosas parroquias e comunidades debe facerse ao modo de Nazaret: Nazaret remite á vida que Xesús comparte na casa de familia (Lc 2, 39-40). Remite a María, a primeira discípula. Ela é modelo de muller, de crente, de discípula (Lc 8,21). Ela descóbrenos a espiritualidade e a fondura de ser parroquias que leven o selo do discipulado. A espiritualidade de Nazaret achega o vivir desde a escoita, desde a acollida, desde a aprendizaxe continua, a oración, a escoita de Deus, desde a contemplación e desde o «facer pobo». É a escola onde se comeza a entender a vida de Xesús: a escola do Evanxeo. A parroquia se quere ser fiel á Misión debe ser «discípula», cos ollos fixos no Señor Xesús. É o centro da vida comunitaria. Comunidade de discípulos que «dá pasos», sen asentarse de maneira definitiva e perpetua en nada continxente e pasaxeiro; comunidade débil, vulnerable, que sofre, que acolle, escoita, acompaña, coa «responsabilidade da esperanza».

A homilía debe ser reflexo daquela espiritualidade de Nazaret e como di o Papa Francisco «a Igrexa é nai e predica ao pobo como unha nai fala ao seu fillo, escoita as súas inquiredanzas e aprende del... Así como a todos nos gusta que se nos fale na nosa lingua materna, así tamén na fe nos gusta que se nos fale en clave de

«cultura materna», en clave de dialecto materno (cf. 2 M 7 ,21.27), e o corazón dispónse a escoitar mellor. Esta lingua é un ton que transmite ánimo, alento, forza, impulso» (EG 139).

E é Nazaret, na sinagoga de Nazaret onde o evanxelista Lucas presenta a Xesús como un proclamador dinámico da palabra de Deus, impulsado polo poder do Espírito (Lc 4, 16-30). Predicando en sábado (que Lucas sinala «era o seu costume»), Xesús escolle a pasaxe de Isaías 61, que proclama a xustiza liberadora de Deus. Mentres toda a asemblea estaba pendente das súas palabras, Xesús enrola o pergamiño, devólveo ao encargado, e dramaticamente anuncia: «Hoxe mesmo cumpriuse esta pasaxe da Escritura que acabades de oír». Así que aquí, no comezo do Evanxeo de Lucas podemos atopar na predicación profética de Xesús unha conexión coa misión permanente da Igrexa, incluíndo as circunstancias concretas desta época e a necesidade dunha aposta pola evanxelización. Anunciar a mensaxe do Reino –centro da homilía– predicado e incorporado á persoa de Xesús e a súa misión, está intimamente ligado á misión de xustiza da Igrexa, unha mensaxe constante e poderosa. Pode trazarse unha liña recta desde a chamada á xustiza en favor dos vulnerables no Antigo Testamento («a viúva, o orfo e o estranxeiro») ata o cumprimento desa misión de compaixón e xustiza na misión de Xesús. A chamada ao respecto da vida humana, especialmente dos máis débiles e esquecidos, a chamada á xustiza para os pobres e os migrantes, a condena da opresión e as violacións de calquera tipo, o rexeitamento da violencia e o enfrontamento como medio para resolver conflitos deben formar parte do anuncio profético da Igrexa e debe atopar o seu camiño de maneira axeitada na predicación litúrxica da Igrexa.

2.3. *Ao modo de Galilea*

A misión das nosas parroquias e comunidades debe facerse ao modo de Galilea: «A cousa comezou en Galilea» (Feitos 10,37). Galilea, lugar de comezos. Ningún personaxe de peso, ningún profeta.... «Galilea dos xentís» (Is 8, 28). Terra e sociedade mesturada e heteroxénea, paso de caravanas. Había algo de marxinal en Galilea.

«De Nazaret pode saír algo bo?» (Xn 1, 46). No lago de Galilea chama aos seus Apóstolos para a misión do Reino (Mt 4, 18 ss). Xesús opta pola terra da exclusión para evanxelizarse e anunciar o Reino de Deus. Xesús inaugura e lexítima o anuncio do Evanxeo —a súa misión— a suxeitos considerados excluídos do sistema relixioso xudeu, isto é, endemoñados, impuros, indignos da alianza con Deus: «O Espírito do Señor está sobre min, porque el me unxiu. Envioume a evanxelizarse aos pobres, a proclamar aos cativos a liberdade, e os cegos, a vista; a pór en liberdade aos oprimidos; a proclamar o ano de graza do Señor» (Lc 4, 18-19). Galilea e os galileos convértese en lugar da Misión de Cristo. Nas «Galileas de hoxe», a Igrexa está chamada a ser Boa Nova, Evanxeo vivo, e a presentar a Xesús Cristo como Esperanza e rostro de Deus Pai. Como discípulos misioneiros do Galileo necesitamos adaptarnos aos ritmos descontinuos, aparentemente menos eficaces da Misión: saber que o ritmo do Reino de Deus é diferente ao noso. Nas galileas de hoxe estamos chamados a establecer, tamén cos que non comparten a fe, relacións de proximidade, reciprocidade e intercambio, e a compartir con eles escuridades e preguntas, momentos de luz e revelación. É necesario pasar «á outra beira» e comprender que Xesús non queda no Templo de Xerusalén ou nos lugares «puros». A súa presenza e misión son dinámicas que atravesan espazos, territorios, prexuízos e postulados. «Vaian a Galilea, alí verano».

E así ten que manifestalo a homilía hoxe e aquí. A proposta evanxélica é positiva, chea de benaventuranzas. É canso e deprimente escoitar as constantes lamentacións de predicadores contra o mundo de hoxe, os mozos, a disgregación da familia, a xente que non vai a misa etc. Unha Igrexa que predique calamidades é unha Igrexa pouco fiel ao Evanxeo e suscita unha reacción oposta e crispada. «Unha predicación positiva sempre dá esperanza e orienta cara ao futuro» (EG 159). «O predicador necesita tamén poñer oído no pobo, para descubrir o que os fregueses necesitan escoitar. O predicador é un contemplativo da palabra, pero é un contemplativo tamén do pobo» (EG 154). Sabor a pobo que implica ser, camiñar, mancharse co barro do pobo e poñerse nos zapatos da xente.

Pero ademais sendo fieis ao espírito de Galilea onde Xesús predicou o Reino de Deus, a predicación ten que ser necesariamente profética. A mellor maneira de ser cribles é ser fieis á verdade, boa ou mala e sabela interpretar desde o Evanxeo. «Falou abertamente ante o pobo» (Xn 18, 20). É triste que haxa predicadores que estean preocupados por quedar ben con todos, non espertar sospeitas nin malentendidos. Xa Santa Teresa no seu tempo laiábase dicindo: «Os predicadores na súa predicación buscan non incomodar a ningún. Son demasiado prudentes, non queiman; a súa chama non quenta». O non arriscarse quita forza á mensaxe profética.

2.4. *Ao modo de Emaús*

A misión debe facerse nas nosas comunidades cristiás ao modo de Emaús. O relato de Lucas sobre o encontro de Cristo resucitado cos dous seguidores no camiño de Emaús (Lc 24, 13-35) tamén proporciona luces de grande alcance sobre o ministerio da predicación litúrxica. Dous discípulos desalentados saen de Xerusalén despois dos acontecementos da Paixón de Xesús. Aquelas esperanzas postas en Xesús resultaron vas. Todo o impulso do Evanxeo de Lucas inclínase cara a Xerusalén, a cidade da Paixón e Morte de Xesús, a cidade da Resurrección e o envío do Espírito Santo. Con todo, estes dous discípulos decepcionados e confundidos están *a se afastar* de Xerusalén. Son, en consecuencia, evocadores de todos os seguidores de Xesús a través de todos os tempos: na procura do Señor, fascinados por el, pero tantas veces desconcertados e mesmo desilusionados e propensos a camiñar pola senda equivocada.

Que leccións podemos extraer deste relato para a predicación homilética? Entre outras citaremos:

- O misterio pascual impregna a experiencia humana. O predicador está a falar a persoas que están, polo menos en certo grao, na busca de Xesús Cristo e do significado que o Evanxeo pode dar á súa vida coas súas inseguridades e dúbidas. A homilía é fonte de inspiración cando toca o nivel máis profundo do corazón humano e aborda as preguntas reais da experiencia humana. Á luz do encontro no camiño de Emaús faise evidente

un elemento esencial de toda boa predicación: a reflexión sobre a nosa experiencia persoal e comunitaria guiada pola vida do Resucitado.

- A iluminación mutua do Antigo e do Novo Testamento. A práctica homilética sempre mostrou como o Antigo e o Novo Testamento se funden na única voz de Deus que fala ao seu pobo.
- A homilía dominical como parte integral da Eucaristía. Lucas conclúe a narración de Emaús con Xesús quedándose cos seus discípulos para compartir unha comida con eles e, ao facelo, revelándolles a súa presenza. A explicación que dá Xesús das Escrituras (a Liturxia da Palabra) conduce a unha intensa experiencia de comunión con Cristo resucitado (a Liturxia da Eucaristía)
- A conexión entre Eucaristía e misión. No relato de Emaús, unha vez que aqueles discípulos recoñecen ao Cristo Resucitado «ao partir o pan» regresan de novo a Xerusalén, a pesar do avanzado da hora, e volven reunirse coa comunidade que deixaran. Cambian de dirección e diríxense de novo outra vez onde debían ir. Alí de novo atópanse con Cristo resucitado e dáselles a misión de ser as súas testemuñas e predicar o Evanxeo (Lc 24, 36-49). A homilía debe inspirar un sentido de misión aos que a escoitan, facéndolles pregoeiros da Boa Nova de Xesús. Unha homilía que non conduza á misión é, por tanto, incompleta.

3.- Como conclusión: desaprender

Podémonos converter coa nosa negligencia, coa nosa inercia ou a nosa falta de fe e creatividade, en freo para unha verdadeira Misión? Temos que adoptar unha postura de «servizo» á acción de Deus procreando sempre de novo a fe en Xesús Cristo en cada época. Esa actitude de servizo, tan subliñada polo Vaticano II afástanos de actitudes de reconquista, defensa nostálgica do pasado ou falso repregamento identitario e dispoñonos a facer máis posible a Misión aquí, agora e con estes.

Un enfoque moi necesario para a Misión é preguntarnos non só que anuncio do Evanxeo temos que transmitir nós desde a Igrexa a esta sociedade, senón que anuncio do Evanxeo temos que escoitar nós, os que nos dicimos seguidores de Xesús. Non somos só «depositarios» dun Evanxeo para os demais; somos, primeiro de nada, «receptores» dun Evanxeo que temos que acoller en actitude de conversión. Ou vivimos abertos ao espírito de Xesús ou seguiremos instalados nos nosos vellos esquemas e comportamentos sen escoitar chamada algunha dirixida a nós desde o evanxeo. Unha Igrexa que non vive en actitude de conversión non pode convidar á conversión. Non podemos vivir aferrados a estruturas, costumes e hábitos que nos poden dar seguridade na crise actual, pero que non facilitan o nacemento dunha Misión lúcida nesta nova etapa.

Temos que propoñer o proxecto cristián non como un catálogo de crenzas, prácticas, obrigas ou prohibicións, senón como a arte de aprender a vivir inspirados na vida, a mensaxe e o espírito de Xesús Cristo, que segundo o Evanxeo de Xoán di: «Eu vin para que os homes teñan vida, e a teñan en abundancia» (Xn 10, 10). Máis que marcar fronteiras para defender a identidade da nosa fe cristiá fronte a quen a abandone, temos que tender pontes para buscar xuntos o camiño de Xesús. Só el é «o camiño, a verdade e a vida» (Xn 14, 6). A fe non se impón, propónse.

A Misión non nace da obsesión polos resultados inmediatos, senón da vontade de «iniciar procesos» e de «privilexiar accións que xeran dinamismos novos» (EG 223-224). «Un dinamismo evanxelizador que actúa por atracción» (EG 131).

É imprescindible a necesidade de testemuñas do Evanxeo na Igrexa de hoxe. Sen testemuñas non é posible a transmisión da experiencia de Deus vivida polos primeiros discípulos no seu encontro con Xesús. Hoxe, igual que en tempos de Xesús, non faltan escribas, doutores... Pero hai testemuñas que se atoparon con Xesús? Creo porque así o experimento na miña vida que si existen esas testemuñas (os sinxelos, os que non se notan, os que se achegan sen esperar nada a cambio, os que sosteñen o quefacer diario das

nosas comunidades... si hai testemuñas...). Testemuñas que non lles move ningún interese proselitista, só servir, acoller, impulsar e vivir o Evanxeo cos irmáns....

Todos estes presupostos inciden de forma directa e clara no servizo da homilía ás comunidades cristiás; por iso é polo que é necesario apostar por desaprender estilos, maneiras, propostas, proxectos, estruturas.... E aprender de novo o estilo e as formas daquelas primeiras comunidades cristiás que deben ser referente e espello para unha verdadeira e auténtica Misión no hoxe da Igrexa. Desaprender para ser Misión de Xesús. Exercicio san. Desaprender para aprender de Xesús de Nazaret. Reinaugurando a vida como El fixo.

Luís Rodríguez Álvarez
I.T. Divino Mestre de Ourense